

SAL. 008934 28.12.17 10:13

RESOLUCIÓN REITORAL DO 26 DE DECEMBRO DE 2017, SOBRE RECURSOS HUMANOS DA ÁREA DE XESTIÓN ACADÉMICA NO CAMPUS DE LUGO

Creada Escola de Doutoramento do Campus Terra é preciso dar o soporte administrativo para o seu funcionamento optimizando os recursos humanos destinados na área académica no Campus de Lugo, sen prexuízo da adecuación das estruturas administrativas nun futuro próximo. Así mesmo, é necesario o apoio administrativo ás actividades do Centro de Estudos Propios que se realicen no campus de Lugo. Nesta liña, considérase imprescindible tomar as medidas para evitar, no posible, o desprazamento dos alumnos de doutoramento e dos títulos propios de posgrao, así como do persoal académico a Santiago para realizar calquera trámite administrativo relacionado con estes estudos.

Entre outros, o artigo 38.4 do regulamento dos estudos de doutoramento aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 12 de xuño de 2017, establece que a documentación correspondente á defensa da tese entregárase debidamente cuberta na Unidade de Xestión Académica (incluída expresamente a do Campus de Lugo) ou órgano que se estableza.


No devandito acto de entrega da documentación o funcionario habilitado procederá á apertura dos votos secretos dos membros do tribunal para, de ser o caso, o outorgamento da mención "*Cum Laude*", estendéndose a acta correspondente que asina o funcionario e o membro do tribunal que entrega da documentación, de conformidade co artigo 14.7 do Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro.

Tamén no ámbito das competencias de Centro de Estudos Propios hai que impulsar a descentralización das actividades administrativas na área de xestión académica e de alumnado que anteriormente levaban a cabo no campus de Santiago.

E é por todo o exposto que, **ESTA REITORÍA, RESOLVE:**

PRIMEIRO.- O Servizo de Xestión Académica, a través do Negociado de Doutoramento e da Unidade de Xestión Académica do campus de Lugo prestará o apoio administrativo para o desenvolvemento das competencias que correspondan á Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra segundo a normativa de aplicación, así como o apoio administrativo aos órganos colexiados e unipersoais da Escola. Entre outras funcións, encargaranse de dar soporte aos alumnos matriculados en Programas de Doutoramento da devandita Escola respecto de:

- As cuestións relacionadas coa súa admisión e matrícula, baixas temporais e prórrogas
- A recepción do compromiso documental de supervisión
- Supervisión do trámite de aprobación dos Plans de Investigación, dos documentos de actividades e dos Informes anuais.
- Trámite das teses depositadas



- Solicitud de certificación e depósitos de título

SEGUNDO.- A documentación resultado da lectura da tese depositarase no Servizo de Xestión Académica a través dos funcionarios habilitados designados para estes efectos polo Xefe de Servizo de Xestión Académica. .

Para a materialización da concesión da mención "*cum laude*" os funcionarios habilitados procederán ao reconto dos votos secretos dos membros do tribunal para efectos de determinar se se cumpran os requisitos para a concesión da devandita mención. Do reconto de votos e a concesión ou non da mención asinarase unha acta que asinarán o funcionario e o membro autorizado do tribunal

Os soportes físicos da votación serán arquivados en sobre pechado xunto coa acta e o resto de documentación da lectura da tese.

TERCEIRO.- O Servizo de Xestión Académica, a través do Negociado de Admisión e Terceiro Ciclo e da Unidade de Xestión Académica do campus de Lugo prestará o apoio administrativo para o desenvolvemento das competencias que correspondan ao Centro de Estudos Propios no campus de Lugo segundo a normativa de aplicación e respecto dos alumnos matriculados nos cursos de estudos propios que se desenvolvan no campus de Lugo.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2017

O REITOR,



Juan Vialto Rey

